



Presentación/Apresentação

Museos da educación, patrimonio escolar e comprensión crítica do presente

Museus da educação, património escolar e compreensão crítica do presente

(Museums of education, school heritage and critical understanding of the present)

Antón COSTA RICO

Universidade de Santiago de Compostela

anton.costa@usc.gal

Carla VILHENA

Universidade do Algarve

cvihena@ualg.pt

Tomás VALLERA

Universidade de Lisboa

tomas.vallera@ie.ulisboa.pt

Desde lonxe

Observar, reunir (datos-objectos), mostrar, comparar, valorar e seleccionar son operacións que todas as persoas realizamos continuamente. Desde os primeiros pasos na formalización das políticas educativas nacionais nos inicios do século XIX no mundo occidental instalouse esta continuidade operativa como práctica política, aínda que non xeneralizada, co auxilio de quen foron considerados os primeiros comparatistas da educación, ou como os “viaxeiros educativos” que ao realizar tales operacións, a través das súas viaxes a outras terras distintas das súas habituais e do dominio das linguas desas terras visitadas, podían elaborar informes, sempre tinxidos polos seus propios modos cognitivos, emocionais e ideolóxicos de observar, de percibir e de narrar.

O papel destes viaxeiros veuse reforzado mediante implicacións gobernamentais e institucionais, as que en parte con ocasión da realización das varias Exposicións de carácter universal/internacional,¹ foron considerando a oportunidade de crear e soster Museos Pedagóxicos Nacionais, desde Madrid (1882),² a Lisboa, coa fundación, por iniciativa de Adolfo Coelho e Teófilo Ferreira, do Museu Pedagógico de Lisboa (1883),³ até o denominado de “José Pedro Varela” en Montevideo (de 1889), por poñer dous exemplos, dando alguna estabilidade e recursos técnicos para a realización das anteriores iniciativas

¹ Como fixo notar o profesor Agustín Escolano, entre outros/as especialistas.

² Coas extraordinarias figuras directivas de Manuel Bartolomé Cossío e de Domingo Barnés.

³ Margarida Felgueiras, “Herança educativa e museus: Reflexões em torno das práticas de investigação, preservação e divulgação histórica,” *Revista Brasileira de História da Educação* 11, no. 1 (2011): 67–92.

indicadas, en contextos nos que, por outra parte, nacían propostas museísticas que, alén das máis tradicionais relativas as Belas Artes, reparaban en cuestións antropolóxicas e etnográficas.

Hai pois, desde o comezo do século XX un amplo e diversificado movemento museístico do que forman parte os chamados Museos Pedagóxicos Nacionais, que eran concebidos como centros de reunión, de catalogación e de documentación, de formación do profesorado e de difusión de información lexislativa escolar, didáctica e de mostraxe de mobiliario, recursos técnicos, bibliográficos e insumos relacionados coa educación formal, aspirando a exercer como nodos e espazos promotores da innovación educativa, expresada esta en forma xenérica.

Centros que se viron acompañados, ademais, polas conviccións positivistas, que se trasladaron a unha didáctica escolar de orientación realista que preconizaba unha “metodoloxía intuitiva e obxectiva” e, por iso, á dotación e constitución de *museos escolares*, promovidos polos rexeneracionismos pedagóxicos finiseculares, algo que, con todo, sería motivo de crítica posterior por parte da Escola Nova, por ser contraria ao illamento sensorial propiciado polo asociacionismo psicolóxico, que era favorábel, en troques, ao globalismo e ao seu tratamento didáctico. Isto foi algo que, por exemplo, anticiparan desde a súa experiencia didáctica as Irmáns Agazzi e que en 1922 teorizou Rosa Agazzi,⁴ partidaria como era de superar a metodoloxía dos libros e obxectos para as “leccións de cousas”, e no seu lugar insertar a escola na súa realidade natural e social, da que habería que valerse para os distintos percorridos didácticos.

Ao paso das décadas e das diversas circunstancias políticas e sociolóxicas nacionais e internacionais, non sempre mantiveron estes centros a súa vitalidade de xeito renovado, pasando a ter un carácter de garda anticuaria ou a perder o seu valor. Nalgúns casos pasaron a ser motivo de estudo e investigación histórica, en particular durante a segunda metade do século XX.

No presente

Xusto é dicir que neste mesmo tempo e en particular ao longo das tres últimas décadas do século XX se suscitou un impulso crecente cara aos estudos e investigacións histórico-educativas, ao tempo de constituírense sociedades académicas, de intensificarse os intercambios internacionais neste ámbito e de difusión do coñecemento con renovada óptica epistemolóxica e historiográfica, que afectou ao conxunto do coñecemento histórico. Derivou disto, como sabemos, unha intensa problematización do saber

⁴ Rosa Agazzi, Come intendo il museo didattico nell'educazione dell'infanzia e de la fanciullezza (Brescia (It): *La Scuola Editrice*, 1962), V ed.

histórico-educativo, con apertura a interrogantes inéditos, á valoración de novas fontes e metodoloxías de investigación.

A influencia da orientación da Historia Social, a antropoloxización histórica, o peso das reflexións posmodernistas e a consolidación da perspectiva da Historia Cultural,⁵ viñeron incidir na incorporación de novos “xiros historiográficos” e do “memorial turn”, con apertura a novos modos de observar, a novas interrogantes e a novos obxectos a investigar, e conduciron a reexames do coñecemento histórico educativo e a unha nova valoración do obxectivo da educación⁶ como mediación e como patrimonio⁷ a ser examinado criticamente, vindo a dar en preguntas e problemas relacionados cos tempos e espazos da educación, coa xenealoxía e os códigos disciplinares ou tamén historia dos currículos, coa transposicións de coñecementos e a súa formalización como saberes escolares, coa interrelación entre as culturas académica-política-de oficio artesanal que se pode observar na plasmación das intervencións educativas, coa chamada “gramática e a caixa negra” escolar, ou coa “cultura docente”. Preocupacións estas que lograron unha singular plasmación en varios dos textos internacionais de teorización editados nos anos noventa e primeiros do século XXI.

Neste contexto tamén se deron cita outras preocupacións de orde sociolóxica como a da comunicación interxeracional, un novo planteamento sobre os usos e utilidade do coñecemento histórico —que ademais aconsellan diversificas metodoloxías didácticas—, e a preocupación renovada por todo o patrimonial, na súa dupla consideración material e inmaterial, signo e símbolo, que representa e que compre interpretar comprensiva, estética e retóricamente. E de fondo, unha xeral reflexión sobre a continuidade temporal integradora/inclusiva e a renovación das sociedades democráticas.

⁵ A historia cultural privilexiou o estudo de obxectos, ámbitos e métodos diversos e novos, abrindo así a porta a unha ‘historia cultural da sociedade’, adoptando un punto de vista distinto ao anterior da ‘historia social da cultura’, sen subordinar a superestrutura cultural á base económica da sociedade.

⁶ Noutras palabras falamos da materialidade da escola e da educación, como salientaron Martin Law e Ian Grosvenor, eds., *Materialities of schooling: design, technology, objects, routines* (Oxford, Symposium Books 2005).

⁷ É oportuno traer aquí a colación o que a este respecto escribía Antonio Viñao en 2015: “lo que sea el patrimonio no viene dado. Se halla en un proceso inacabable de construcción y de reconstrucción. De ahí que la noción de patrimonio histórico o cultural sea históricamente, en su contenido, variable”. In Antonio Viñao, “Memoria, Patrimonio y Educación”, en *Narrar historias de la educación. Crisol y alquimia de un oficio*, coord. por María Esther Aguirre Lora (México: Bonilla Artigas Editores y UNAM, 2015), 390.

Con esta panoplia de preocupacións foise desenvolvendo un ámbito fecundo de investigación etnográfica e microhistórica, de posta en común e de difusión do coñecemento histórico-educativo,⁸ no que se dan prominente cita o planteamento de problemas relativos á xenealoxía e desenvolvemento curricular, á formación do profesorado, ao papel das mediacións, recursos físicos e funcionais presentes nas intervencións educativas (a modo de laboratorios, libros ou manuais escolares, espazos e arquitectura escolar), á valoración crítica de patrimonios comprendidos para ser integrados, dado o caso, ...con apertura a procesos semiolóxicos e hermenéuticos, de modo a evitar o presentismo, pero tamén o fetichismo e o anticuariado de 'curiosidades' como tentacións constantes da investigación histórica, como se ten escrito. Alén do específico campo de investigación histórico-educativa quizais sexa oportuno aludir desde o presente de 2025 ás Recomendacións que sobre a pedagogía do patrimonio foron aprobadas polo Comité de Ministros da UE e dirixidas aos Estados membros e tamén á Convención de Faro (Portugal) aprobada polo Consello de Europa sobre educación museal como parte do patrimonio cultural.

Esta orde de preocupacións, aínda sen existir a oportuna reflexividade investigadora, comezaba a estar incipientemente na axenda investigadora xa nos pasados anos 80.⁹ Desde os anos 90, tendo algún coñecemento do que ao caso se realizaba en Alemania, en Inglaterra ou en Francia (que gozaba desde 1972 do *Musée National de l'Éducation*, creado en Rouen) e das orientacións investigadoras que se propiciaban desde os congresos da ISCHE¹⁰ o profesor Escolano promovía fructíferas iniciativas de estudo e de edición (como unha antesaa do que ía ser o recoñecido CEINCE), mentres algúns atentos profesores e directivos, como foron Juan Peralta (Museo de Catilla-La Mancha) ou Juan González, ao propiciar o Centro de Polanco (Santander), contribuían a abrir un fértil espazo de investigación, de

⁸ Aludimos, por exemplo, á publicación do monográfico que sobre "manuais escolares na historia" que editou en 2000 a revista *Historia de la Educación* no seu número 19, á celebración do XII Coloquio Español de Historia da Educación, celebrado en Burgos en 2003, baixo a coordinación do profesor Pablo Celada Perandones, recentemente falecido, baixo o rótulo "Etnografía de la escuela", ou á do XIX Coloquio, celebrado na Universidade de Alcalá en 2017, arredor da temática "Imaxes, discursos e textos".

⁹ Permítase sinalar, vindo ao caso e como detalle, que o profesor Costa Rico, tivo ocasión de dirixir a Tesiña de Licenciatura que en 1986 se defendeu na Universidade de Santiago de Compostela por parte de María T. López Caballero baixo o título *La instalación y la dotación material de las escuelas primarias de Santiago durante la Restauración y Dictadura de Primo de Rivera (1902-1930)*, na que se examinaban as dotacións de recursos e insumos didácticos dunha trintena de escolas primarias da cidade e contorna, ao longo deste tempo.

¹⁰ 1998 ISCHE 20, Kortrijk, Belgium. "The Challenge of the Visual in the History of Education. Orientacións presents"; tamén en 2000 ISCHE 22, Alcala, Spain, "Books and Education" e 2022 ISCHE, 43, Milan, "Histories of Educational Technologies: Cultural and Social Dimensions of Pedagogical Objects".

intercambio e de problematización, coas prontas incorporacións, por exemplo, dos profesores Julio Ruíz Berrio¹¹ e Antonio Viñao. Con lucidez e con saber facer este espazo non deixaría de ser roturado desde o nacemento do século XXI.

No caso español, podemos anotar que a inicial proposta de creación do Museo Pedagóxico de Galicia en Santiago de Compostela, en 2000, encomendado no plano técnico ao profesor e historiador da Educación Vicente Peña Saavedra,¹² foi seguida da celebración do 1º Foro Ibérico de Museismo Pedagóxico, da *Trobada* de museus i historiadors de l'educació, organizada por el AMEIB (Arxiu i Museu d'Educació de les Illes Balears), da creación en 2004 da Sociedad Española para el Estudio del Patrimonio Histórico-Educativo (SEPHE), vindo de seguida as Primeiras Xornadas convocadas por esta Sociedade co título “Memoria, Patrimonio, Cultura material”, así como a edición de actas de encontros e outras publicacións e convocatorias de seminarios científicos, exposicións e outras iniciativas. Relevante papel lles corresponde á SEPHE, ao CEINCE, á *Revista Cabás*, que é actualmente ademais órgano científico da Sociedade.

En todo este tempo non deixaron de poñerse en marcha distintas iniciativas institucionais, baixo o impulso técnico de investigadoras e investigadores universitarios: Huesca, Madrid, Murcia, Sevilla, Málaga, La Laguna, Valencia, Alcalá de Henares, etc., até chegar aos máis recentes CEMUPE da Universidade de Salamanca en Zamora e ao de Bilbao, estando en proceso de creación o Museu de Educació dels Països Cataláns; entre tanto, son de apreciar igualmente outras iniciativas como a musealización de determinadas escolas primarias, por veces obedecendo a impulsos con considerábel carga emocional e memorial.

Un movemento de preocupación académica e en certo modo cultural e social do que se fixeron eco, entre outros, textos escritos ou promovidos por Pablo Álvarez Domínguez, nos que fai un minucioso percorrido por toda a xeografía museística da educación española;¹³ por Julio Ruíz Berrio;¹⁴ por Juri

¹¹ Julio Ruíz Berrio, Julio, coord., *El patrimonio histórico-educativo. Su conservación y estudio* (Madrid: Biblioteca Nueva, 2010).

¹² Quen ao longo dos anos seguintes contribuíría cun considerábel número de textos e aportacións escritas ao campo de estudo museolóxico escolar.

¹³ Pablo Álvarez Domínguez, *Los Museos Pedagógicos en España: entre la memoria y la creatividad* (Gijón: Trea y EUS, 2016) e Pablo Álvarez Domínguez, “Museos pedagógicos universitarios y coleccionismo de Patrimonio escolar: la pasión por guardar de los historiadores/as de la educación en España,” *História da Educação* 29 (Porto Alegre, 2025): *on line*.

¹⁴ Julio Ruíz Berrio, “Historia y museología de la educación. Despegue y reconversión de los museos pedagógicos,” *Historia de la Educación* 25 (2018) 271-290.

Meda y Ana Badanelli¹⁵ en texto colectivo organizado por eles e no que colaboran Agustín Escolano, G.Chiosso, Antonio Viñao, Roberto Sani, Gabriela Ossenbach, Miguel Somoza y Kira Mahamud; por Luís María Naya (2025);¹⁶ polas profesoras Sara Ramos e Teresa Rabazas,¹⁷ ou tamén por parte de A. Viñao, que en 2024 sostíña:

Es obvio que el auge del museísmo pedagógico y de la historia de la cultura material de la educación, que ha tenido lugar en las tres últimas décadas, no ha procedido solo del interés historiográfico por el conocimiento, antes relegado u olvidado, de la realidad educativa, de lo que sucede en los centros docentes y en las aulas, sino, sobre todo, de la amplia posibilidad de que dichos estudios y actividades —museos, centros de memoria, exposiciones...— obtengan financiación pública o privada y atraigan una audiencia —por razones memorialísticas, conservacionistas, nostálgicas, ideológicas, incluso terapéuticas— y colaboraciones que no tienen los trabajos de historia pura y dura. Lo previsible, pues, es que dicho auge, por no decir predominio, continúe, se mantenga o incremente en los próximos años dentro del paraguas de lo que se ha dado en llamar la historia pública.¹⁸

Unha reflexión que igualmente debemos considerar, ante os riscos da mercantilización patrimonial, sendo conscientes de que os procesos de patrimonialización teñen tamén dimensións ideolóxicas e políticas, en relación coas políticas de memoria e co deseño do futuro.

En Portugal, o estudo do patrimonio educativo véñse consolidando desde os anos 90 do século pasado, abarcando non só a preservación e a análise dos espazos e obxectos escolares, senón tamén as prácticas, as memorias e as representacións asociadas á cultura escolar¹⁹. Destácase o traballo que

¹⁵ Juri Meda y Ana María Badanelli (a cura di), *La historia de la cultura escolar en Italia y España: balance y perspectivas* (Macerata: Edizioni Università di Macerata, 2013).

¹⁶ Luis María Naya Garmendia, “Los museos de la educación en España: un panorama alentador,” *El Diario de la Educación*, 8/IV/2025.

¹⁷ Sara Ramos y Teresa Rabazas, “Patrimonio y educación. Salvaguarda y difusión de la memoria de la escuela desde los museos de educación en España,” *História da Educação*, 28, 1-22 (2024). Disponível en: <https://seer.ufrgs.br/index.php/asphe/article/view/128823> Acceso: 25/X/2025.

¹⁸ Dono Rubio, “Sobre Historia y Educación. Una charla con Antonio Viñao Frago,” *Revista del IICE* 55 (2024): 147-161, Universidad de Buenos Aires.

¹⁹ Maria João Mogarro, “Património educativo e modelos de cultura escolar na História da Educação em Portugal,” *Cuestiones Pedagógicas: Revista de Ciencias de la Educación* 22 (2012-13): 67–102.

ten sido realizado polas profesoras Margarida Felgueiras²⁰ e Maria João Mogarro,²¹ que se ten dedicado à preservación, ao estudo e à reflexión sobre o patrimonio histórico-educativo, en xeral, e sobre os museus escolares e os núcleos museolóxicos, en particular. Outras institucións de ensino superior e investigadores teñense involucrado en proxectos locais, como é o caso de varios profesores da Escola Superior de Educación de Leiria,²² no marco do proxecto “Memória educativa virtual: Digitalização e preservação do acervo do Museu Escolar de Marrazes.” Camiños similares se desenvolveron neste tempo en Francia²³ e un pouco máis recentemente en Italia,²⁴ no Brasil²⁵ e noutros territorios.

Motivo de investigación

Esta área de interrogación, problematización e investigación histórico-educativa, que se refere centralmente a historia da cultura material das institucións escolares, sem entrar aquí no posíbel debate entre “historia material da escola” ou “etnografía histórica escolar”, concita reflexiónes arredor da educación patrimonial, o cognitivo e o emocional, a memoria (os obxectos são obxectos-pegada e contêm memoria, como assinalou Pier Paolo Sacchetto) e a educación, as identidades, a gestão do patrimonio, os lugares de cor, os códigos curriculares, a construción da memoria social e os usos do patrimonio, e entre tantos outros motivos, arredor da transnacionalidade dos emprendementos educativos, tal como foi estudado recentemente em obra coordenada pelas investigadoras Morandino e Pizzigoni (2024), informada por Luís María Naya quem indicou que se reúnen aquí achegas de diferente procedência com o obxecto de:

estudiar el objeto didáctico histórico en su circularidad y, por tanto, en su dimensión transnacional, como prueba de fuego de los intercambios e influencias mutuas entre países y realidades diferentes. Para desvelar este potencial heurístico del objeto didáctico, se utilizan fuentes plurales y perspectivas de

²⁰ A profesora Margarida Felgueiras, que contribúe aquí mesmo, alén da investigación producida sobre o patrimonio histórico-educativo, desenvolveu un papel central na constitución do Centro de Memória da Educação de Murça.

²¹ Maria João Mogarro tem sido responsável de diversos proxectos de investigación entre os que se salientan os seguintes: “Educação e patrimonio cultural: Escolas, objetos e práticas” e “Rede de Museus Escolares de Portalegre”.

²² Virgínia Ávila, que también contribúe para este número, é unha das investigadoras que tenhen colaborado na preservación do patrimonio do Museu Escolar de Marrazes, así como das memorias sobre esta escola.

²³ Un exemplo pode ser sinalado a través da convocatoria AMNÉPE/MUNAE, “Première rencontre francophone des musées de l’école,” Poitiers: CANOPE, 2018; vid. <https://www.amidesmuseesdelecole.fr/musees/>, onde se pode observar a rede de museos escolares e do patrimonio educativo que se constituiu en 2017 con 170 museos.

²⁴ Como tan ben se pon de relevo no magnífico texto aquí presente de Mirella D’Ascenso, que ademais, ofrece un detallado percorrido bibliográfico sobre o caso italiano e o español.

²⁵ Com unha importante atividade de pesquisa e transferência na Universidade Estadual Campinas, que promove desde 2015 a *Revista Iberoamericana de Patrimonio Histórico-Educativo* (RIDPHE), entre outras iniciativas.

investigación amplias y transversales, que van desde el análisis de acontecimientos como las Exposiciones Universales, al estudio de las patentes o los acuerdos comerciales, pasando por la identificación de las trayectorias de apropiaciones, importaciones y exportaciones de objetos didácticos y el estudio de su presencia en diferentes contextos y áreas geográficas. La obra adopta, por tanto, una perspectiva que considera el objeto didáctico no sólo en sí mismo, en sus características y modalidades de uso, sino dentro de una compleja red de significados por su capacidad de entrecruzar diferentes planos culturales y comerciales y de representar un verdadero espejo de la circularidad de las ideas pedagógicas en diferentes periodos históricos.²⁶

Outra razão de interesse pode sintetizarse na que nestas mesmas páginas achegam as professoras brasileiras María Agrecia Oliveira e Virgínia Ávila ao sustentar a importância que devemos conceder à análise crítica desta materialidade escolar e educativa como um modo de conectar a experiência individual presente com a das gerações anteriores, favorecendo assim a preservação da memória fértil, a capacidade de compreensão do presente e a elaboração de um imaxinario social reflexivo e orientativo dos projectos sociais desde o conhecimento, a estimação e o valor apreciado.

O presente monográfico

Desde *Sarmiento. Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación* queremos fazer uma achega colaboradora aos presentes debates e conformación académica, que venha enriquecer pontos de vista e de intercâmbio científico, dando a conhecer igualmente como se aborda o estudo do património escolar e dos museus específicos de educação tendo presente a problematização histórica e construção do conhecimento, fazendo mediante um conjunto expressivo de textos relativos a várias situação nacionais (Suíça, Itália, Chile, Brasil, Portugal, Espanha e Galiza), elaborados pelas suas autoras e autores com especificidade, alcance panorâmico e liberdade académica.

Abren este Monográfico o texto da professora Margarida Felgueiras, quem é uma excepcional referência neste âmbito transnacional; o mesmo podemos dizer no caso dos professores da Universidade de Euscadi Luis María Naya e Pauli Dávila; seguem os textos relativos às experiências museísticas consolidadas e consistentes do Brasil e de Portugal, da mão de María Agrecia Oliveira, de Virgínia Ávila e de Antonio Henriques, que mostram a muito notável interrelação com o mundo escolar do presente; com evidente surpresa poderemos examinar a história e o presente do museísmo escolar na Suíça francófona, mediante o texto de Aurelie De Mestral; por sua parte Mirella D'Ascensão situa a experiência bolonhesa no contexto da história escolar italiana e em interrelação com contrastes internacionais; Isabel Orellana, desde o Museo de la Educación Gabriela Mistral de Santiago de Chile oferecem-nos critérios

²⁶ En Boletín de Historia de la Educación, 68 (2025) 49.

e métodos para reorientar o rol dos museus educativos em contextos de desigualdade estrutural e de disputa pelos sentidos do passado, e temos, ademais, a oportunidade de poder conhecer o processo constitutivo do Museu de l'Educació de Catalunya, território vangardista na educação contemporânea espanhola. Esta parte enriquece-se documentalmente com a recuperação histórica e tradução de um fragmento significativo de um texto centenário norte-americano que nos oferece o professor Eugenio Otero e com um texto de relatório sobre o presente de museus escolares e da educação constituídos em Portugal e na Galiza.

A Revista, finalmente, enriquece-se como é habitual com um diverso e rico conjunto de textos histórico-educativos e algumas recensións bibliográficas, que sempre encontrarão leitores e leitoras interessadas neste ou naquele outro aspecto.

Quem assumimos a coordenação deste número da Revista queremos agradecer vivamente a colaboração e o bom sentido académico de todas as autoras e autores que aqui se dão feliz cita. Beizón.

Bibliografía

Agazzi, Rosa. *Come intendo il museo didattico nell'educazione dell'infanzia e della fanciullezza*. Brescia: La Scuola Editrice, 1962.

Álvarez Domínguez, Pablo. *Los museos pedagógicos en España: entre la memoria y la creatividad*. Gijón: Trea y EUS, 2016.

Álvarez Domínguez, Pablo. "Museos pedagógicos universitarios y coleccionismo de patrimonio escolar: la pasión por guardar de los historiadores/as de la educación en España." *História da Educação* (Porto Alegre) 29 (2025).

Dono Rubio. Entrevista. "Sobre historia y educación: Una charla con Antonio Viñao Frago." *Revista del IICE* 55 (2024) 147–161. Universidad de Buenos Aires.

Felgueiras, Margarida. "Herança educativa e museus: Reflexões em torno das práticas de investigação, preservação e divulgação histórica." *Revista Brasileira de História da Educação* 11, no. 1 (2011) 67–92.

Gómez Carrasco, Cosme J. et alii. Coords. *Educación histórica y museos: Actividades y situaciones de aprendizaje para el cumplimiento de derechos culturales*. 2024. Barcelona: Octaedro.

Martin Law e Ian Grosvenor, eds., 2005. *Materialities of schooling: design, technology, objects, routines*. Oxford, Symposium Books.

- Meda, Juri, e Ana M.^a Badanelli, a cura di. *La historia de la cultura escolar en Italia y España: balance y perspectivas*. Macerata: Edizioni Università di Macerata – EUM, 2013.
- Mogarro, Maria João. “Património educativo e modelos de cultura escolar na História da Educação em Portugal.” *Cuestiones Pedagógicas: Revista de Ciencias de la Educación*, 22 (2012-13) 67–102.
- Morandini, Maria Cristina, Francesca Pizzigoni. *Objects that travel in time: The commercial circulation of educational objects between the 19th and 20th centuries*. Italia: Pensa Multimedia, 2024.
- Naya Garmendia, Luís María. “Los museos de la educación en España: un panorama alentador.” *El Diario de la Educación*, 8 de abril de 2025.
- Ramos, Sara, y Teresa Rabazas. “Patrimonio y educación: Salvaguarda y difusión de la memoria de la escuela desde los museos de educación en España.” *História da Educação* 28 (2024) 1–22.
- Ruíz Berrio, Julio, coord.2010. *El patrimonio histórico-educativo. Su conservación y estudio*. Madrid: Biblioteca Nueva.
- Ruíz Berrio, Julio. “Historia y museología de la educación: Despegue y reconversión de los museos pedagógicos.” *Historia de la Educación* 25 (2013) 271–290.
- Viñao, Antonio. “Memoria, Patrimonio y Educación.” En *Narrar historias de la educación. Crisol y alquimia de un oficio*, coord. por María Esther Aguirre Lora, 390 (México: Bonilla Artigas Editores y UNAM, 2015).